

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e o Concello de Foz en relación coas actuacións no dominio público portuario para a execución e mantemento das obras "Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661"

1 Antecedentes

O 31.8.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Foz para a execución da actuacións de "Saneamento e depuración en Foz. Concello de Foz (Lugo)", cofinanciada pola Unión europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

No marco do antedito convenio Augas de Galicia vai levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución das actuacións descritas no anteproxecto construtivo "Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661".

O citado anteproxecto define as actuacións necesarias para a execución dos colectores e a nova estación depuradora de augas residuais de Foz; así como, a demolición da actual, xa que non ten capacidade para garantir o cumprimento dos límites de vertido; EDAR actual que se retira do porto unha vez construída e en funcionamento a nova.

Coa citada actuación preténdese resolver a falta de capacidade de xestión en caudal e en carga das augas recollidas pola rede de saneamento, tanto en



tempo seco como en choiva. De este xeito, darase cumprimento ao exixido pola Directiva 91/271/CEE.

Para a execución das obras de referencia cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídas na zona de adscrición do Porto de Foz, competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

2 Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o Concello de Foz, para determinar as condicións nas que Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no “Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661”, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Foz) e pon a disposición sen cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e terreos portuarios, libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das citadas obras na zona do Porto de Foz.

Concretamente o dominio público portuario no que se desenvolverán as citadas actuacións reflíctese no plano anexo I ao convenio, se ben poderá producirse lixeiras variacións na fase de redacción do proxecto construtivo.

3 Necesidade da colaboración e razóns de oportunidade

Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.



Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)).

Para a execución das obras denominadas "Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661", cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídas na zona de adscrición do Porto de Foz, competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

O 16.1.2018 Portos de Galicia informou favorablemente o conxunto das actuacións referidas.

A execución das infraestruturas de saneamento que se pretenden acometer resulta beneficiosa non so para a vila, senón tamén para a explotación futura das instalacións portuarias.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia.

Así, dado o interese coincidente de todas as partes na execución da obra de referencia, acordan regular os seus compromisos en relación coa posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora da parte da obra que discorre polo Porto de Foz.

Consonte ao disposto no artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, atendendo ao obxecto e á finalidade do acordo prevese unha duración do acordo de 15 anos, desde o día seguinte ao da súa sinatura, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes ou extinguirse con anterioridade por causa de incumprimento dalgunha das partes ou, por cambiar a finalidade das actuacións.

4 Estimación de custos e financiamento

A sinatura deste convenio non implica a asunción de ningún compromiso de gasto para Augas de Galicia polo que non precisa consignación orzamentaria, xa que se refire a establecer as condicións básicas para a colaboración para determinar as condicións nas que Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no "Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo). OH.327.661", na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Foz).

O financiamento da citada obra xa foi autorizado polo Consello da Xunta o 4.8.2016 no expediente relativo ao convenio de colaboración formalizado o



31.8.2016 entre Augas de Galicia e o Concello de Foz e as súas addendas (autorizadas polo Consello da Xunta o 4.11.2021 e o 14.12.2023).

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

